

The background features a decorative graphic consisting of three blue circles of varying sizes, each composed of concentric circles in different shades of blue. These circles are arranged along a diagonal line that runs from the top-left towards the bottom-right. The largest circle is at the top, a medium-sized one in the middle, and another large one at the bottom right. The text is positioned to the left of the middle circle.

# **Plan de Convivencia CEE DE PANXÓN**

## **PLAN DE CONVIVENCIA**

	<b>Páx</b>
<b>1. ACTA DE APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR</b>	<b>3</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>3. ANÁLISE DA SITUACIÓN</b>	<b>7</b>
<b>4. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS</b>	<b>10</b>
<b>5. ACTUACIÓNS A REALIZAR PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVIVENCIA</b>	<b>13</b>
<b>6. PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR</b>	<b>21</b>
<b>7. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDO POLO DO</b>	<b>21</b>
<b>8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA</b>	<b>22</b>
<b>9. MEDIACIÓN ESCOLAR</b>	<b>22</b>
<b>10. ESCOLA DE PAIS E NAIS</b>	<b>23</b>
<b>11. NOF</b>	<b>24</b>
<b>12. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E PROCEDEMENTOS</b>	<b>32</b>
<b>13. COMISIÓN DE CONVIVENCIA. NORMAS E FUNCIONAMENTO</b>	<b>47</b>
<b>14. MECANISMOS DE COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO, FAMILIAS E COMUNIDADE</b>	<b>47</b>
<b>15. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN, MECANISMOS PARA SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA</b>	<b>49</b>

## 1. ACTA DE APROBACIÓN CONSELLO ESCOLAR.



A secretaria do Consello Escolar

CERTIFICA

Que o presente Plan de Convivencia foi aprobado no Consello Escolar celebrado o 17 de xaneiro de 2018 e que tiña como única orde do día dito asunto.

En Panxón a 19 de diciembre de 2018.

Asdo:

Mª Lourdes Bangueses Pereiras



## 2. INTRODUCCIÓN

O CEE de Panxón é un centro de educación especial para alumnado que presenta Trastorno Grave de conduta, o que implica a presenza de condutas inadecuadas para a idade, dificultades no funcionamento diario do alumno/a no ámbito familiar, escolar e/ou social, falta de autocontrol no seu comportamento, carencias graves na súa competencia social en xeral. As persoas que presentan Trastornos Graves de Conduta inclúense dentro do concepto de Necesidades Específicas de Apoio Educativo na actual lei educativa, o que supón que deben recibir unha resposta axeitada ás súas dificultades dende un enfoque interdisciplinar e sistemático no cal interveñan diferentes servizos, institucións ou organismos, implicando á comunidade educativa no seu conxunto, especialmente á familia.

Tendo en conta as características do noso alumnado, o obxectivo principal deste centro educativo é acadar un clima axeitado na convivencia. Pero qué entendemos por *convivencia*?

Estamos acostumados a que cando se utiliza o termo *convivencia* en verdade facemos referencia aos problemas relacionados con ela. Unhas veces refírese á disciplina, entendida no senso máis tradicional; outras veces ás condutas disruptivas ou violentas. No mellor dos casos fálase de convivencia como o conxunto de medidas necesarias para evitar o maltrato entre iguais, evitar as condutas inadecuadas, incrementar o rendemento académico... Resumindo, a idea que se manexa habitualmente é que a convivencia non é un fin en si mesma senón un medio para case todo.

No noso centro educativo consideramos que a convivencia harmónica entre as persoas é unha das finalidades da educación e, como tal, na medida na que se incrementa este tipo de convivencia, vanse solucionando ou minimizando outros problemas existentes nos centros educativos.

O sistema educativo ten aquí un reto importante: a formación de persoas capaces de afrontar creativa e positivamente os desafíos actuais como a violencia, a

globalización, a tendencia ao pensamento único, o fenómeno da interculturalidade ou os graves desequilibrios que sofren as sociedades hoxe.

Neste centro pensamos que non se pode abordar con éxito o tema da convivencia sen ter en conta e modificar aspectos tan importantes e sensibles como a organización dos recursos humanos e materiais, a relación entre o colexio e a residencia, o estilo educativo de todos os adultos que traballamos no centro, os contidos do currículo, a metodoloxía docente, a avaliación, o clima de aula e os niveis de participación das familias.

No noso caso específico, tratándose dun centro de educación especial para alumnado con trastornos graves de conduta, traballamos cun sector específico da poboación con especial dificultade para acadar un clima de convivencia adecuado nas súas familias e no seu contexto social en xeral. Por todo isto, a reflexión acerca da convivencia é aínda máis profunda e lévanos á seguinte encrucillada ou controversia: por unha banda, un modelo de educación máis punitivo no que se empregan técnicas de modificación de conduta baseados en teorías puramente condutistas, o cal podería establecer estruturas de dominio-sumisión o certas doses de autoritarismo; por outra banda, un modelo máis permisivo no que deixaríamos maior liberdade ao alumnado para elixir pero isto tería certos riscos xa que os nosos alumnos e alumnas teñen problemas de autocontrol, de autoestima e de reflexión acerca dos feitos, o que dificultaría moitísimo a súa capacidade de decisión.

Entre estas dúas posicións decidimos situarnos nunha liña media de educación responsable e de exercicio da autoridade, tendo sempre presente a necesidade de acercarnos a un modelo que constrúa as normas de xeito democrático, que afonde no desenvolvemento moral, que supoña aprender ó alumnado a identificar e xestionar as emocións propias, a anticipar as consecuencias dos seus actos. Para o noso centro resulta vital o entendemento de que os conflitos son oportunidades de aprendizaxe para a xestión das emocións como unha habilidade esencial para a vida. Este modelo ten en conta a posibilidade da reconciliación, da reparación do dano para avanzar cara o futuro, o que supón basear as relacións no respecto mutuo, tendo clara a diferenza entre autoridade e autoritarismo.

Esta decisión que tomamos como centro educativo supón o paso dun modelo de decisións sobre sancións exclusivamente centrado na dirección, a unha forma de decisións en pequenos grupos, grupos heteroxéneos de persoas (profesorado, educadoras, coidadores) que traballamos de forma conxunta para a mellora do comportamento do noso alumnado, do seu desenvolvemento cognitivo e social, do seu rendemento académico.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

O centro no que nos atopamos é o Centro de Educación Especial de Panxón, situado no concello de Nigrán, compartindo recinto e algúns espazos do edificio con CPI de Panxón. Esta situación condiciona ao noso centro de varias formas: por unha banda, é un medio e un recurso para a inclusión educativa do noso alumnado e, por outra banda, nalgúns ocasións convértese en fonte de conflitos pola interacción do alumnado de ambos centros. Estes conflitos son sempre unha oportunidade para aprender a xestionar esas situacións de convivencia.

Neste centro hai 20 prazas dispoñibles para o alumnado, 10 de Educación Primaria e 10 de Educación Secundaria Obrigatoria. Neste momento están escolarizados 20 alumnos/as, polo cal temos todas as prazas cubertas. Unha das particularidades deste centro é que todo o alumnado permanece durante a semana no colexio, convivindo na residencia que está no mesmo edificio. O horario da permanencia do alumnado no noso centro é dende o día luns ás 9:30 horas (chegada do alumnado coas súas familias) ata o día venres ás 15:00 horas (recollida do alumnado polas súas familias).

O horario lectivo do centro educativo é desde ás 9:00 hs ata ás 14:30 hs de luns a venres.

O horario de visita das familias é os días mércores de 16 a 20 hs.

O centro dispón dun comedor con cociña propia, compartido co alumnado do CPI de Panxón e a EEI As Dunas durante as comidas. O noso centro ten os seguintes horarios de comedor:

- Almorzo: de 8:30 a 8:45 hs
- Comida: de 14:30 a 15:00 hs
- Merenda: de 17:45 a 18:15 hs
- Cea: de 20:45 a 21:15 hs

Outra das particularidades do noso centro é que a incorporación do noso alumnado pode ser en calquera momento ao longo do curso académico, segundo un proceso de escolarización que inclúe a participación dos Departamentos de

Orientación dos centros de procedencia, os especialistas en Conduta dos Equipos de Orientación Específicos, a Inspección Educativa e a Xefatura Territorial. Todos eles están representados nunha Comisión de Escolarización na que tamén está presente o equipo directivo e o DO do noso centro educativo xunto con responsables da Sección de Educación Especial da Consellería de Educación.

As dúas unidades de educación primaria están no mesmo grupo de clase con mestres especialistas en pedagogía terapéutica e unha mestra de educación musical como apoio. As dúas unidades de educación secundaria están divididas en dous grupos de clase e sempre contan na aula con dous profesores/as que traballan en equipo.

O alumnado, en xeral, non presenta soamente un trastorno grave de conduta senón que dito trastorno está asociado a situacións familiares conflitivas moi serias ademais de factores como carencias socioeconómicas e do entorno cultural moi graves. Aínda que todos presentan unha capacidade intelectual dentro dos parámetros normais, as súas dificultades na competencia social fixeron que non tiveran continuidade escolar nos centros educativos nos cales estiveron escolarizados anteriormente. Como consecuencia desta situación, todos eles presentan desfase curricular en todas as áreas.

A partir do curso escolar 2015-2016 estamos a facer un esforzo importante por un cambio metodolóxico nas nosas aulas tendo en conta as liñas marcadas polo *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia* e o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia*. Estes decretos fomentan a utilización de metodoloxías didácticas para potenciar o desenvolvemento das competencias clave do alumnado: traballo por proxectos, aprendizaxe baseado no pensamento, aprendizaxe cooperativa, estacións de traballo na aula e aprendizaxe baseada en problemas dende un enfoque interdisciplinar. Dende este punto de vista, os contidos de diferentes bloques ou áreas trabállanse conxuntamente en tarefas de aprendizaxe integradas deseñadas para atender á diversidade do alumnado, entendida como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe,



motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, tal e como recolle o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia*.

Coa finalidade de manter este cambio metodolóxico contamos coa colaboración da nosa asesora do Centro de Formación de Recursos de Vigo no marco dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no noso centro educativo con tres liñas de traballo:

- Escola inclusiva e atención á diversidade
- Iniciativas formativas no ámbito STEM
- Actualización científica e didáctica do profesorado: observación inter-pares e inter-centros

Ademais participamos no *Programa PITEAS de detección e fomento do talento*, posto en marcha pola Consellaría de Educación en colaboración coa Fundación Barrié e a USC, mediante o cal o profesorado recibe formación sobre o SEM (Modelo de Enriquecemento Escolar para toda a escola de Renzulli e Reis), deseñando proxectos na aula que cumpran coas liñas marcadas por dito modelo.

Tamén estamos traballando, dende o curso 2017-2018, nos seguintes programas da Consellería de Educación: *Iniciación á Robótica* para primaria e *Club de Ciencia* para ESO.

No curso 2018-2019 contamos con seguinte claustro docente:

- Director e profesor de FP
- Seis mestras con especialidade en Pedagogía Terapéutica
- Unha mestra con especialidade en Educación Musical
- Unha mestra con especialidade en Educación Física
- Un profesor de Bioloxía
- Unha profesora de Inglés
- Un profesor de Formación profesional da especialidade de Cociña e Pastelaría
- Unha orientadora

Ademais do profesorado contamos con persoal educativo que desenvolve tarefas co alumnado pola tarde na residencia e no comedor nas comidas e ceas. Trátase de seis educadoras, tres en cada unha das **dúas unidades da residencia** (primaria e secundaria). En cada unidade hai capacidade para 10 alumnos/as.

O resto do persoal non docente é o seguinte:

- Oito coidadores
- Unha enfermeira
- Dúas cociñeiras
- Tres auxiliares de cociña
- Catro camareiras limpadoras
- Unha gobernanta
- Un administrativo
- Un responsable de servizos de mantemento

#### **4. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS**

##### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Concienciar á comunidade educativa en xeral que o mellor camiño para a modificación da conduta do noso alumnado é o establecemento dun vínculo de confianza que lle aporte seguridade ao alumno e autoridade ao adulto.
- Transmitir ao persoal do centro a idea de que o coñecemento do noso alumnado permitirá deseñar unha resposta educativa individualizada para cada un deles, desterrando a concepción dun procedemento único de actuación para todas as situacións.
- Construír unha convivencia harmónica entre todas as persoas que participamos na vida deste centro educativo co obxectivo de brindarlle ao noso alumnado a posibilidade de crecer nun clima axeitado para o seu desenvolvemento persoal e social.
- Fomentar a educación para a igualdade de mulleres e homes co obxectivo de erradicar os prexuízos sexistas das prácticas da vida cotiá do centro educativo.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

### **4.1- Referidos ao centro**

- Mellorar as relacións e facilitar a comunicación entre o profesorado e equipo de educadoras da residencia co fin de coordinar a acción educativa e acadar mellores resultados.
- Establecer canles de circulación da información entre o profesorado, as educadoras da residencia e os cuidadores.
- Crear no tempo de comedor un espazo de convivencia axeitado compartido co alumnado do CPI de Panxón.
- Coordinar o traballo educativo de profesorado e educadoras coas tarefas da enfermería naqueles aspectos da saúde considerados de importancia para o noso alumnado.
- Manter unha relación fluída de coordinación e cooperación entre o equipo directivo e o Departamento de Orientación

### **4.2- Referidos ao alumnado**

- Facilitarlle ao alumnado o apoio necesario para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, por exemplo: a transición dende a escolaridade primaria á secundaria ou a transición á vida profesional.
- Brindarlle ao alumnado un modelo de afrontamento e resolución de conflitos nas relacións entre as persoas que poda transferir ás situacións familiares ou sociais máis próximas.
- Valorar as necesidades e características de cada alumno e alumna do centro co obxecto de deseñar a mellor resposta educativa posible para a súa problemática individual, ofrecendo oportunidades para superar a historia de fracaso escolar da totalidade do noso alumnado.
- Realizar apoio individual do alumnado en situacións de crise, co obxectivo de axudarlles na busca de alternativas diferentes á violencia verbal e física.

#### **4.3- Referidos ao profesorado**

- Promover e apoiar o cambio metodolóxico nas nosas aulas, pasando dun modelo máis tradicional da clase maxistral do profesorado a un modelo de maior participación e protagonismo do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- Impulsar a participación do profesorado na formación en ámbitos relativos a ensinar a pensar, aprendizaxe cooperativa, habilidades sociais, utilización das TIC, traballo por proxectos.
- Desenvolver as competencias socioemocionais necesarias para traballar con este tipo de alumnado.
- Fomentar o traballo en equipo do profesorado á hora de planificar as sesións de clase e no traballo de varios profesionais na aula.

#### **4.4- Referidos ao persoal educativo da residencia**

- Impulsar a participación do persoal educativo na formación en ámbitos relativos a ensinar a pensar, aprendizaxe cooperativa, habilidades sociais, utilización das TIC, traballo por proxectos.
- Desenvolver as competencias socioemocionais necesarias para traballar con este tipo de alumnado.
- Fomentar o traballo en equipo do persoal educativo á hora de planificar as actividades e na súa posta en marcha.

#### **4.5- Referidos ao persoal non docente**

- Establecer canles de comunicación e circulación da información axeitados entre todo o persoal que traballa no centro educativo.
- Coordinar, dinamizar e supervisar as tarefas de todo o persoal non docente.
- Favorecer o traballo en equipo, a colaboración entre o persoal e a implicación nas súas tarefas.

#### 4.6- Referidos ás familias

- Favorecer unha comunicación máis auténtica e aberta coas familias do alumnado.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo.
- Brindar asesoramento e apoio ás familias en situacións de risco ou en situacións altamente conflitivas.

#### 4.7- Referidos a outros centros educativos, organismos e institucións

- Mellorar as relacións co CPI de Panxón.
- Promover as relacións con outros centros educativos de Nigrán de EI, EP e ESO.
- Participar de actividades organizadas polo Concello de Nigrán e outros concellos próximos.
- Establecer e manter vías de comunicación e participación con diferentes profesionais, servizos e institucións que desenvolvan actividades no campo educativo, laboral, social ou calquera outro que se considere que pode constituír un beneficio para os alumnos e as alumnas do centro.

### 5. ACTUACIÓNS A REALIZAR PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVIVENCIA

OBXECTIVO	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Concienciar á comunidade educativa en xeral que o mellor camiño para a modificación da conduta do noso alumnado é o establecemento dun vínculo de confianza que lle aporte	<ul style="list-style-type: none"><li>• Formación ao profesorado e ao persoal educativo en reunións previas á chegada do alumnado e</li></ul>

<p>seguridade ao alumno e autoridade ao adulto.</p>	<p>ao longo do curso escolar a cargo do equipo directivo e o Departamento de Orientación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións periódicas co persoal non docente para a transmisión de pautas concretas de actuación con cada un dos alumnos e alumnas.</li> <li>• Modelado coas intervencións e accións cotiás do equipo directivo nos distintos ámbitos de traballo do centro educativo.</li> <li>• Manter entrevistas formais e informais con todo o persoal do centro educativo a nivel individual ou de pequenos grupos sempre que sexa necesario.</li> </ul>
<p>Transmitir ao persoal do centro a idea de que o coñecemento do noso alumnado permitirá deseñar unha resposta educativa individualizada para cada un deles, desterrando a concepción dun procedemento único de actuación para todas as situacións.</p>	
<p>Construír unha convivencia harmónica entre todas as persoas que participamos na vida deste centro educativo co obxectivo de brindarlle ao noso alumnado a posibilidade de crecer nun clima axeitado para o seu desenvolvemento persoal e social.</p>	
<p>Fomentar a educación para a igualdade de mulleres e homes co obxectivo de erradicar os prexuízos sexistas das prácticas da vida cotiá do centro educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducir obxectivos e contidos da igualdade dentro do currículo en todos os niveis educativos.</li> <li>• Introducir a reflexión sobre o tema dentro da formación do profesorado.</li> <li>• Inaugurar un aula de aprendizaxe das habilidades da vida diaria na residencia, na cal se fomentará a</li> </ul>

	<p>adquisición dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos.</p>
<p><b>Obxectivos referidos ao centro</b></p> <p>Mellorar as relacións e facilitar a comunicación entre o profesorado e equipo de educadoras da residencia co fin de coordinar a acción educativa e acadar mellores resultados.</p> <p>Establecer canles de circulación da información entre o profesorado, as educadoras da residencia e os cuidadores.</p> <p>Crear no tempo de comedor un espazo de convivencia axeitado compartido co alumnado do CPI de Panxón.</p> <p>Coordinar o traballo educativo de profesorado e educadoras coas tarefas da enfermería naqueles aspectos da saúde</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións semanais de coordinación entre todo o profesorado e as educadoras das tres unidades residenciais.</li> <li>• Reunións mensuais de coordinación entre equipo directivo e cuidadores.</li> <li>• Presenza de profesorado e educadoras no comedor nas comidas.</li> <li>• Presenza da enfermeira en reunións de coordinación de profesorado e educadoras.</li> <li>• Reunións diarias entre equipo directivo e Departamento de Orientación.</li> <li>• Elaboración de protocolos de actuación para as seguintes situacións: fuga do centro, enfermidade ou accidente, utilización da aula de tempo fóra e actuación dos gardas de seguridade.</li> </ul>

<p>considerados de importancia para o noso alumnado.</p> <p>Manter unha relación fluída de coordinación e cooperación entre o equipo directivo e o Departamento de Orientación</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión e elaboración ou adecuación dos documentos do centro: Proxecto do Centro, Plan de Convivencia, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial.</li> <li>• Organización da documentación do centro e centralización da información nun só arquivo, tendo en conta a Lei de Protección de Datos.</li> </ul>
<p><b>Obxectivos referidos ao alumnado</b></p> <p>Facilitarlle ao alumnado o apoio necesario para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, por exemplo: a transición dende a escolaridade primaria á secundaria ou a transición á vida profesional.</p> <p>Brindarlle ao alumnado un modelo de afrontamento e resolución de conflitos nas relacións entre as persoas que poda transferir ás situacións familiares ou sociais máis próximas.</p> <p>Valorar as necesidades e características de cada alumno e alumna do centro co</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración e posta en marcha dun Plan de acollida ao alumnado de nova incorporación coa colaboración do alumnado xa matriculado no centro.</li> <li>• Elaboración e posta en marcha de programas de competencia social para dotar ao alumnado de habilidades sociais, educación en valores e tipos de pensamento eficaz en situacións problemáticas.</li> <li>• Elaboración e posta en marcha de programas de educación emocional.</li> <li>• Reunións para compartir información da historia persoal e escolar de cada un dos alumnos e</li> </ul>



<p>obxecto de deseñar a mellor resposta educativa posible para a súa problemática individual, ofrecendo oportunidades para superar a historia de fracaso escolar da totalidade do noso alumnado.</p> <p>Realizar apoio individual do alumnado en situacións de crise, co obxectivo de axudarlles na busca de alternativas diferentes á violencia verbal e física.</p>	<p>alumnas do centro ao profesorado e educadoras.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun programa de actuación en situacións de crise destinado ás intervencións de educadoras e profesorado para apoiar ao alumnado na busca de alternativas diferentes á violencia verbal e física.</li> </ul>
<p><b>Obxectivos referidos ao profesorado</b></p> <p>Promover e apoiar o cambio metodolóxico nas nosas aulas, pasando dun modelo máis tradicional da clase maxistral do profesorado a un modelo de maior participación e protagonismo do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Impulsar a participación do profesorado na formación en ámbitos relativos a ensinar a pensar, aprendizaxe cooperativa, habilidades sociais, utilización das TIC, traballo por proxectos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitud de continuidade do PFPP (Programa de Formación Permanente do Profesorado) no centro educativo facendo fincapé nos seguintes temas: competencias clave, traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada no pensamento Modelo SEM e cambio no sistema de avaliación.</li> <li>• Charlas ao profesorado sobre temas coma habilidades sociais, utilización das TIC, afrontamento de conflitos.</li> <li>• Elaboración e posta en marcha dun Plan de Acollida para o profesorado</li> </ul>

<p>Desenvolver as competencias socioemocionais necesarias para traballar con este tipo de alumnado.</p> <p>Fomentar o traballo en equipo do profesorado á hora de planificar as sesións de clase e no traballo de varios profesionais na aula.</p>	<p>de nova incorporación coa colaboración do profesorado con destino definitivo no centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dentro das posibilidades dos escasos recursos persoais, organizar tempos e espazos de coordinación entre docentes para a planificación das sesións de clase e proxectos así coma para a avaliación dos mesmos.</li> </ul>
<p><b>Obxectivos referidos ao persoal educativo da residencia</b></p> <p>Impulsar a participación do persoal educativo na formación en ámbitos relativos a ensinar a pensar, aprendizaxe cooperativa, habilidades sociais, utilización das TIC, traballo por proxectos.</p> <p>Desenvolver as competencias socioemocionais necesarias para traballar con este tipo de alumnado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun Plan de Formación especificamente deseñado para as educadoras.</li> <li>• Charlas destinadas ás educadoras sobre temas coma habilidades sociais, utilización das TIC, afrontamento de conflitos.</li> <li>• Elaboración e posta en marcha dun Plan de Acollida para as/os educadoras/educadores de nova incorporación.</li> <li>• Organización de reunións entre educadoras para a planificación das actividades da Residencia e a avaliación das mesmas.</li> </ul>

<p>Fomentar o traballo en equipo do persoal educativo á hora de planificar as actividades e na súa posta en marcha.</p>	
<p><b>Obxectivos referidos ao persoal non docente</b></p> <p>Establecer canles de comunicación e circulación da información axeitados entre todo o persoal que traballa no centro educativo.</p> <p>Coordinar, dinamizar e supervisar as tarefas de todo o persoal non docente.</p> <p>Favorecer o traballo en equipo, a colaboración entre o persoal e a implicación nas súas tarefas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrevistas formais e informais do equipo directivo con todo o persoal non docente cando sexa necesario.</li> <li>• Reunións mensuais cos coidadores.</li> <li>• Elaboración e posta en marcha dun Protocolo de compras co persoal de Administración.</li> </ul>
<p><b>Obxectivos referidos ás familias</b></p> <p>Favorecer unha comunicación máis auténtica e aberta coas familias do alumnado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obradoiro mensual coas familias organizado e coordinado polo Departamento de Orientación coa participación do equipo directivo, as educadoras e o profesorado en diferentes ocasións.</li> </ul>

<p>Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo.</p> <p>Brindar asesoramento e apoio ás familias en situacións de risco ou en situacións altamente conflitivas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visitas das familias do alumnado de nova incorporación na que se inclúe unha entrevista co equipo directivo, un percorrido polo centro e a participación do alumno/a nas actividades cos seus futuros compañeiros/as.</li> <li>• Presenza do equipo directivo na entrada os días luns e na saída os días venres para facilitar entrevistas.</li> <li>• Confección dunha folla de comunicación semanal coas familias.</li> <li>• Invitación ás familias a participar de proxectos, festivais, actividades.</li> </ul>
<p><b>Obxectivos referidos a outros centros educativos, organismos e institucións</b></p> <p>Mellorar as relacións co CPI de Panxón.</p> <p>Promover as relacións con outros centros educativos de Nigrán de EI, EP e ESO.</p> <p>Participar de actividades organizadas polo Concello de Nigrán e outros concellos próximos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións periódicas co equipo directivo do CPI de Panxón.</li> <li>• Realización de festivais, actividades compartidas e proxectos comúns con outros centros dentro e fóra do concello de Nigrán.</li> <li>• Contacto regular cos Servizos Sociais dos concellos onde reside o alumnado, co Servizo de Familia e Menores da Xunta de Galicia, cos Servizos de Saúde Mental, con profesionais da medicina, psicoloxía, etc e cos centros educativos de procedencia do noso</li> </ul>

<p>Establecer e manter vías de comunicación e participación con diferentes profesionais, servizos e institucións que desenvolvan actividades no campo educativo, laboral, social ou calquera outro que se considere que pode constituír un beneficio para os alumnos e as alumnas do centro.</p>	<p>alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Contacto regular cos clubs deportivos que usan as instalacións do noso colexio para as súas actividades, das cales participa o noso alumnado.</li> </ul>
--	--

## 6. PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo\\_xeral\\_para\\_a\\_prevenccion\\_deteccion\\_e\\_tratamento\\_do\\_acoso\\_e\\_ciberacoso\\_escolar\\_v.2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevenccion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf)

## 7. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDO POLO D.O.

Un programa para o desenvolvemento da competencia social implica o traballo en catro áreas diferentes: as habilidades sociais básicas, a educación emocional, o desenvolvemento do pensamento e, por último, a educación en valores.

Considérase unha medida complementaria para a mellora da convivencia como complemento das medidas correctoras ou con carácter preventivo para todo o alumnado.

Como complemento das medidas correctoras, no caso do noso alumnado, con crises frecuentes de tipo emocional, a nosa forma de actuación implica contención emocional directa por parte de calquera membro do claustro e a utilización da estratexia de tempo fóra da aula pero con reflexión e diálogo nunha entrevista persoal.

Con carácter preventivo, no noso caso non funciona un programa de habilidades sociais deseñado como tal e fóra do currículo escolar porque o alumnado soe amosar rexeitamento ante ese tipo de actuacións. Os contidos de dito programa trabállanse mediante a estratexia de infusión curricular: a través dos diferentes contidos curriculares ao longo das clases impartidas polo propio profesorado. Este tipo de traballo adoita ter mellores resultados porque implica máis tempo de exposición do alumnado a aqueles temas transversais que forman parte dun programa de habilidades sociais. Ser hábil socialmente non soamente inclúe ser “educado” cos demais senón tamén ser quen de xestionar as propias emocións e desenvolver o pensamento crítico e creativo. Ademais debemos ter en conta o desenvolvemento moral do alumnado, é dicir, a educación en aqueles valores que permiten e facilitan a vida democrática nunha sociedade diversa.

## **8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

Non existe unha única aula de convivencia como espazo físico de convivencia pero dispoñemos de varios espazos no centro habilitados para a contención emocional do alumnado que presenta unha crise grave de comportamento, tanto no colexio como na residencia. Estes espazos non teñen ningunha dotación material porque sería perigoso para a integridade do propio alumno/a e do persoal adulto a cargo da súa atención.

A persoa que atenderá ao alumnado neses momentos será calquera membro do claustro o do equipo educativo da residencia, especialmente aquela persoa que teña maior influencia sobre dito alumno polo vínculo de confianza e seguridade que teña establecido con el.

## **9. MEDIACIÓN ESCOLAR**

O noso centro non conta cun programa de mediación escolar porque o noso alumnado non presenta as condicións e capacidades necesarias para recibir formación en mediación e cumprir co rol de mediador escolar. Non descartamos a posibilidade de

deseñar un programa deste tipo noutro momento, pero na situación actual non o vemos posible.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado recibiu formación en mediación en cursos anteriores e utiliza esta estratexia nos frecuentes conflitos que xorden no centro, co obxectivo de instaurar unha cultura de xustiza reparadora e restaurativa en lugar dunha xustiza meramente retributiva ou punitiva.

## **10. ESCOLA DE PAIS E NAIS**

Existe un tempo e espazo de encontro das familias de frecuencia mensual que celébrase os días venres de 14 a 15 horas coa coordinación da persoa que exerce a xefatura do DO.

Os pais, nais e persoas titoras legais están invitados a participar de dito encontro no que tratamos distintos temas esenciais para a educación dos seus fillos e fillas. Nestas reunións o obxectivo non é impartir pautas educativas descontextualizadas senón compartir problemáticas comúns e buscar posibles solucións para as situacións reais que viven no seo das súas familias dende unha actitude de respecto e axuda mutua, evitando en todo momento emitir xuízos de valor acerca das costumes ou estilos de vida das familias.

## 11. NOF

Os artigos 120 e 124 da Lei Orgánica 2/2006, na redacción dada pola lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

A continuación detállanse as normas de organización e funcionamento atendendo aos colectivos presentes no centro:

### EDUCADORAS

DEREITOS	DEBERES
A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa	Será deber das educadoras cumprir estas e calquera outra normativa do centro escolar.
Ser valorados pola comunidade educativa	Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
Participar no proceso educativo	Será función das educadoras organizar talleres ou dinámicas con fins lúdicos e educativos durante as tardes. Estas tarefas deberán ter un horario, un espazo e uns destinatarios previamente definidos. Cada unha destas actividades terá un responsable e a lo menos un axudante. A organización destas tarefas respectará tanto os tempos adicados ás actividades deportivas coma os horarios de atención psicolóxica.



<p>Que se perseve a súa integridade física e moral</p>	<p>Nos recreos contemplados durante as tarde (de 15:30 horas a 16:00 e de 17:45 a 18:15 e de 21:15 a 21:30 se é o caso) o alumnado poderá dispor (segundo a decisión das educadoras) de tempo libre que lle permitirá desprazarse polo recinto escolar sen que isto impida que permanezan sempre baixo a supervisión dun adulto que os manterá á vista ou localizables en todo momento. Será función das educadoras a organización desta supervisión.</p>
<p>Desenvolver a súa función educativa nun ambiente de convivencia adecuado</p>	<p>Soamente se requirirá a intervención do garda de seguridade cando exista perigo para a integridade física do proio alumno ou dos seus compañeiros.</p>
	<p>Será responsabilidade das educadoras a organización do persoal educativo asignado pola dirección do centro e que traballa en quenda de tarde, de tal maneira que todo alumno estea sempre baixo a supervisión dun responsable educativo.</p>
	<p>Deberán crear un bo clima de traballo que favoreza a relación co alumnado tratando de crear un vínculo positivo, mantendo unha</p>

	relación positiva, amable e de escoita con toda a comunidade.
--	---

## COIDADORES

DEREITOS	DEBERES
A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa	Será deber das educadoras cumprir estas e calquera outra normativa do centro escolar.
Ser valorados pola comunidade educativa	Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
Participar no proceso educativo	Deberán crear un bo clima de traballo que favoreza a relación co alumnado tratando de crear un vínculo positivo, mantendo unha relación positiva, amable e de escoita con toda a comunidade.
Que se preserve a súa integridade física e moral	Deberán colaborar coas educadoras na supervisión do alumnado coidando de que este estea en todo momento supervisado por un alumno.
Desenvolver a súa función educativa nun ambiente de convivencia adecuado	Colaborar no desenvolvemento do alumnado da autonomía dos hábitos básicos de alimentación, vestido e hixiene persoal.
	Colaborar de maneira activa na atención, vixilancia e coidado destes alumnos nos períodos de recreo e descanso.

	Contribuír ao desenvolvemento no alumnado das súas capacidades nos aspectos físicos, afectivos e cognitivos, promovendo o maior grado posible de autonomía persoal e integración social.
--	--

## PROFESORADO

DEREITOS	DEBERES
A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa	Será deber das educadoras cumprir estas e calquera outra normativa do centro escolar.
Ser valorados pola comunidade educativa	Deber de manter o sexilo profesional.
A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos pola lei.	Deberán crear un bo clima de traballo que favoreza a relación co alumnado tratando de crear un vínculo positivo mantendo unha relación positiva, amable e de escoita con toda a comunidade.
Que se preserve a súa integridade física e moral	Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle

	corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
Desenvolver a súa función educativa nun ambiente de convivencia adecuado	Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
	Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.	

## PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

DEREITOS	DEBERES
A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa	Será deber das educadoras cumprir estas e calquera outra normativa do centro escolar.
Ser valorados pola comunidade educativa	Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar	Deberán crear un bo clima de traballo que favoreza a relación co alumnado tratando de crear un vínculo positivo.
Que se perseve a súa integridade física e moral	Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
Desenvolver a súa función educativa nun ambiente de convivencia adecuado	

## ALUMNADO

DEREITOS	DEBERES
Que se respecte a súa integridade, identidade e dignidade persoal	Respectar as normas de convivencia e casqueiras outras aprobadas polo consello escolar.
Participar no proceso educativo	Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do diverso persoal do centro no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
Protección contra as agresión físicas e morais.	Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
Participar na toma de decisións en materia de convivencia	Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
	Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

## FAMILIA

DEREITOS	DEBERES
A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa	Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes
A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes	Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.	Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa

## **12. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E PROCEDIMENTOS.**

Teremos en conta o disposto no Decreto 8/2015 :

### **Artigo 32. Principios xerais.**

*2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:*

***a) Ter carácter educativo e recuperador.***

***b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.***

***c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.***

***d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.***

### **Artigo 33. Clases de condutas contrarias á convivencia**

*1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:*

***a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.***

***b) Condutas leves contrarias á convivencia.***

### **Artigo 34. Gradación das medidas correctoras**

*Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:*



*a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.*

*b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.*

*c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.*

*d) A natureza dos prexuízos causados.*

*e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.*

### **Artigo 35. Reparación de danos causados**

*1. O alumnado **está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente**, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. **As nais e pais ou as titoras ou tutores legais serán responsables civís** nos termos previstos pola lexislación vixente.*

*2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.*

*3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous **parágrafos anteriores é compatible** coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.*

### **Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

*Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:*

*a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.*

*b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*

*c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.*

*d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.*

*e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.*

*f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.*

*g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.*

*h) Os actos inxustificados que perturban gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.*

*i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.*

*j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.*

*k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.*

*l) O incumprimento das sancións impostas.*

### **Artigo 39. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

*1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:*

*a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.*

*b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.*

*c) Cambio de grupo.*

*d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

*e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado*

*deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

*f) Cambio de centro.*

*2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.*

#### **Artigo 42. Condutas leves contrarias á convivencia**

*Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:*

*a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.*

*b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.*

*c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.*

*d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.*

*e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.*

#### **Artigo 43. Medidas correctoras**

*As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:*

*a) Amoestación privada ou por escrito.*

*b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.*

*c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.*

*d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.*

*e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.*

*f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.*

*g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

*h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

#### **Artigo 44. Responsables da aplicación das medidas correctoras**

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

#### **Artigo 45. Solicitude de revisión e execución de medidas**

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou

*emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.*

*2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.*

#### **Artigo 46. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro**

*1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.*

*2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.*

*3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.*

*4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.*

*5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.*

#### **Artigo 47. Determinación do procedemento de corrección**

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun **período de información previa**, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. **Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.**

2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. **Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.**

4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

#### **Artigo 48. Inicio do procedemento de corrección**

1. **No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exigidos para iso daralles a**



*posibilidade de corríxila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.*

*2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.*

*3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.*

*4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.*

*5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:*

*a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.*

*b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.*

*c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.*

*d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corríxir a conduta.*

6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, deste decreto e comunicaráselle á Inspección Educativa.

Sección 2ª. Procedemento conciliado

#### **Artigo 49. Procedemento conciliado**

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

*d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.*

*4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.*

#### **Artigo 50. Desenvolvemento do procedemento conciliado**

*1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.*

*2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.*

*3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunhas das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.*

4. A petición de disculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

#### **Artigo 51. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado**

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

### Sección 3ª. Procedemento común

#### **Artigo 52. Procedemento común**

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

#### **Artigo 53. Desenvolvemento do procedemento común**

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

**Artigo 54. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas**

**1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:**

**a) Feitos probados.**

**b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.**

**c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.**

**d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.**

2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas

### **13. COMISIÓN DE CONVIVENCIA. NORMAS E FUNCIONAMENTO.**

Segundo o establecido no *Decreto 8/2015*, a comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de , polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Por decisión da dirección do centro a composición da comisión de convivencia será a mesma que a do Consello Escolar, mantendo así unha representación xusta de todos os colectivos.

### **14. MECANISMOS DE COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO, FAMILIAS E COMUNIDADE.**

A nivel de centro considerase que todos os organismos de coordinación docente terán un papel colaborador para a mellora da convivencia. Deste xeito terá un importante papel o departamento de orientación, os departamentos didácticos, a dirección do centro e o profesorado, que ben de forma colectiva ou individual traballará no eido da convivencia que se sitúa coma un dos principais eixos transversais a traballar no noso centro .

Promoverase a presenza destas no centro educativo, participando ademais de na escola de pais e nais, en todos os proxectos nos que sexa posible.

En canto á comunidade, impulsárase a relación co CPI e con todas as entidades da contorna coma o concello, asociacións, etc., xerando situacións que procuren o desenvolvemento social do noso alumnado





## 15. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN , MECANISMOS PARA SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

DIFUSIÓN	SEGUIMENTO	AVALIACIÓN
<p>Información ao Consello Escolar</p> <p>Información ao Claustro de profesores</p> <p>Información ao alumnado</p>	<p>Reunións de Comisión de Convivencia, ou no seu defecto a que se estableza.</p> <p>Reunión ordinaria do Consello Escolar</p>	<p>Reunións da Comisión de Convivencia, ou no seu defecto a que se estableza.</p> <p>Elaboración dun informe que se recollerá na memoria final onde conste:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Grao de implicación e nivel de consecución dos obxectivos</li> <li>➤ Modificacións introducidas</li> <li>➤ Actividades realizadas</li> <li>➤ Participación dos diversos sectores da comunidade educativa</li> <li>➤ Formación recibida e recursos utilizados</li> <li>➤ Asesoramento e apoio técnico</li> <li>➤ Valoración e avaliación dos resultados</li> <li>➤ Conclusións, propostas continuidade e de mellora.</li> </ul>